

TERRA DE OUTES 65

Xaneiro - Marzo 2024

1€

nesten.

A xurisdición de Muros (XXVII)
O Clero e os bens temporais (II)
Hórreos de San Cosme (I)
Veciños discretos de Outes (V)
Os misteriosos homes dos pés mollados
A sombra (cuarta parte)
Os papeis de Añón
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Dani Rama

Editorial

QUE PARE O MASACRE

Supoño que xa se adivina a intención deste editorial; efectivamente, quere ser unha chamada á solidariedade coa Palestina e unha denuncia dos asasinatos masivos que o exército de Israel perpetra en Gaza e tamén, aínda que en menor medida, na Cisjordania. Os crimes inxustificables cometidos polas milicias de Hamas o 7 de outubro contra a poboación civil israelí non xustifican esta reacción do Goberno de Netanyahu: Israel non se está a defender, está a someter a un castigo xenocida unha poboación que este Estado, usando a forza das armas, ten confinada, privada dos máis elementais dereitos e sometida a condicións materiais de miseria dende hai moitos anos. Bombardeos absolutamente indiscriminados sobre barriadas residenciais, hospitais e escolas, privación de auga e alimentos, medicamentos e combustible para os hospitais, impedimento da actuación das organizacións humanitarias, cujos membros tamén son asasinados, desprazamentos forzosos da poboación, que segue a ser bombardeada nos lugares de destino... Todas estas atrocidades non contribúen á mellora da seguridade de Israel; moi pola contra, sementan odio e só teñen a intención de causar o maior sufrimento posible e aterrorizar a poboación. Non é preciso enumerar, e sería moi difícil non esquecer ningunha, as leis do dereito internacional que viola, unha vez máis, o Estado de Israel.

Tanto asañamento só pode explicarse polo carácter extremista do actual goberno de Israel e as circunstancias de política interior no momento do conflito: Netanyahu, sometido a un proceso xudicial por corrupción, pretende a aprobación dunha lei exculpatoria que sitúe o poder executivo (o seu goberno) con capacidade de control do aparato xudicial, lei que foi amplamente contestada pola cidadanía. O conflito traslada a un segundo plano a crise política interna. A mensaxe electoral da extrema dereita en Israel, igual ca noutros países, fundaméntase na necesidade de manter a seguridade da cidadanía fronte ao terrorismo con man dura e con poderes e leis extraordinarios para o executivo e, aínda que é obvio o fracaso das súas receitas neste caso, isto crea unha simbiose fatal entre os partidos de extrema dereita, no seu afán por permanecer no poder, e o terrorismo.

Ante esta situación, todas e todos temos a obriga moral de esixirlles aos nosos e ás nosas representantes e ao Goberno de España e á UE que utilicen de maneira contundente e inmediata todos os mecanismos de presión ao seu alcance contra o Estado de Israel para parar o masacre.

Dicionario xeográfico

Xoán Mariño

Bilbao. Capital biscaíña de onde proceden os vascos máis fachendosos, que o resto chaman 'chulos' e aquí veñen sendo os chuvascos.

Boqueixón. Queixón é como chaman en Outes a un caixón. Un bo queixón é para os outenses, polo tanto, unha caixa, comunmente de madeira, de gran capacidade.

Burgos. Provincia castelá cuxos mestres son coñecidos en todo o mundo como burgomaestres.

Cervantes. Concello lugués limítrofe con León que dá nome a un premio literario en lingua castelá, quizais porque alí estea a orixe de tal idioma.

Talavera de la Reina. Cidade castelá que en galego se traduce como *Está á beira da Raíña*.

Florenzia. Cidade italiana de onde son naturais os florentinos todos, menos Pérez, capo da Cosa Nostra, que é siciliano, e Cacheda, fundador de Florentino Moda, que é de Lalín.

Gales. Territorio británico habitado por galenos, que nós correntemente denominamos médicos.

Salamanca. Cuarto ó cal lle falta un brazo.

Varacaldo. Pau co que se remexe o caldo no País Vasco.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Xefe de Redacción: Mingucho Campos

Consello de Redacción: Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



Concello de Outes

XIV Muiñada



O pasado mes de novembro o IES Poeta Añón e o Centro Social de Outes foron escenario da XIV Muiñada, as xornadas de exaltación do patrimonio cultural, que novamente a nosa asociación adicou á arquitectura popular de Outes, cunha charla

ofrecida por Pilar Sampedro, quen fora primeira directora deste instituto, e o investigador e escritor Xoán Mariño, que explicaron aos alumnos de 1º de ESO como o alumnado deste centro, no ano 2000, emprendeu o traballo de campo previo á catalogación da arquitectura popular deste municipio que finalmente viu a luz en forma dos dous libros que abranguen os hórreos de Cando e San Orente publicados ata agora pola ACC Terra de Outes. O primeiro deles fora presentado o ano pasado no transcurso da XIII Muiñada e o segundo presentouse na clausura das Xornadas no Centro Social, nun acto no que o autor estivo acompañado do profesor e escritor Ramón Blanco e do director do Museo do Pobo Galego, Manuel Vilar. Esta nova publicación recolle máis de douscentos hórreos tradicionais de diferentes tipoloxías e tamaños, organizados por lugares, da parroquia de San Orente. É o segundo da serie que pretende divulgar os máis de 1.200 hórreos deste concello, á que seguirá logo outra serie cos 200 muiños de río que existen no noso concello, despois unha publicación coas 125 fontes e lavadoiros de Outes e, finalmente, outra cos pombais e reloxos de sol.

Terra de Outes na regata de bucetas de Cabo de Cruz



O sábado, 23 de setembro, a buceta Donas da asociación Terra de Outes participou na regata de bucetas a remo programada no evento Mar de Cabo en Cabo de Cruz.

A Donas é unha buceta “lanzada” feita en Esteiro no ano 1984. Tras un primeiro armador, pasou a ser propiedade dun mariscador de Outes (Marcos), que lla cedeu a Terra de Outes.

Pouco antes das 11 horas do sábado 23, no porto de Cabo de Cruz, as persoas integrantes da tripulación aproveitamos os minutos previos para coñecer o campo de regatas, dunha lonxitude duns 50 metros que fariamos de ida e volta, polo que requiriría dunha virada. Os rivais serían, por parte de Cabo de Cruz, a “Salgharita”, tamén con catro tripulantes e temoneiro, e a “Piella” con dous tripulantes e temoneiro.

Tras unha primeira bandeira, dúas e ata tres novas roldas foran demandadas, xa que moito público se animou a poñerse aos remos para demostrar as súas habilidades.

Outra idea promovida por Cabo, que disfrutamos coa xente de Cabo e moita cantidade de tripulantes doutros barcos que visitaron a vila para a ocasión, e que recomendamos replicar na ría de Muros e Noia, e un “vermú na batea” compartindo petiscos amenizados por grupo de gaitas.

Desde xa, conxurámonos para participar o ano que vén nunha nova edición desta festa tan bonita, e suxerimos que desde O Freixo promovamos algo similar para que a xente da ría de Muros e Noia vexa de novo as bucetas competindo nas súas augas. Tal vez na próxima feira náutica do Freixo?

A Xurisdición de Muros (XXVII)

Interrogatorio da vila de Muros.

Resposta ás preguntas 12.^a a 20.^a.

Xoán F. García



Gravado da obra do cartógrafo sueco Olaus Magnus (Roma, 1555).

A igrexa de Santa María do Campo é do século XIII. Daquela, o cura cobraba o décimo do mar en especie. No ano 1500 o papa Alexandre VI concédelle á freguesía o dereito a una colexiata, para o que se acondicionará a igrexa de Santa María -logo dun tempo previo instalada en San Pedro-. A partir de aí os décimos serán en marabedís.

12.^a- Á duodécima, que unha medida de terra das que se dei xan explicado, tanto de sementado de regadío coma de secaño, non se distinguen na súa produción mediante a terra. Regadío é por si de menor substancia ca a de secaño, e a que ten é só polo beneficio da auga.

O sementado de millo cunha ordinaria cultura, e sendo de primeira calidade, produce catro ferrados ao ano. Ao seguinte seméntase de centeo e produce tres ferrados e, recollido este, e no mesmo ano, seméntase de novo de millo e produce outros tres ferrados desta especie.

Sendo de segunda calidade, seméntase un ano de millo e produce tres ferrados. Ao ano seguinte seméntase de centeo de primeira man e produce tres e, collido este no mesmo ano, seméntase de millo e produce dous ferrados e medio.

Sendo de terceira calidade, seméntase un ano de millo e produce dous ferrados e, ao seguinte, faise de centeo e produce dous ferrados.

Un ferrado de terra posto a hortaliza, tanto de regadío coma de secaño, regulan o seu produto sendo o de primeira calidade en vinte e catro reais de billón; o de segunda en dezaoito e o de terceira en doce. Un ferrado de terra posto a viño produce tres canados de viño de primeira calidade; de segunda dous e de terceira un. O de prado de regadío de primeira calidade regulan en doce reais de billón, de segunda en oito e de terceira en seis. Sendo de secaño de primeira calidade, regúlanlle oito reais de billón, de segunda en seis e de terceira en catro. Un ferrado de carballos, que todo é de única calidade, regúlan en catro reais; o de toxeira e xesteira, que todo ten unha única estimación, regúlan, sendo de primeira calidade, en dous reais; polo pouco toxo ou xesta que produce, e por non estimarse, o de segunda real e medio, e o de terceira un real. E os montes comúns, por seren inútiles por natureza, non se lles considera utilidade ningunha, e responden.

13.^a- Á décimo terceira, que o ferrado de terra poboado de

froitas da natureza que deixan declarado nas preguntas seis, sete e oito, que regulan todas pola mesma calidade, considéranos en vinte e catro reais de billón ao ano e, aínda que se atopan algunhas árbores de froitas espalladas en terras de sementeira e hortas, non fan regulación delas, dado que a súa utilidade está refundida no produto que deron as terras e que consideraron por un valor xusto, e responden.

14.^a- Á décimo cuarta, que computados uns anos cos outros, estiman o ferrado de trigo en seis reais de billón; o de centeo en tres; o de millo en catro; o de millo miúdo en dous. O canado de viño en oito reais de billón, que corresponden ao azume de zaseis marabedís. Unha libra de cera labrada en doce reais de billón, un cento de sardiña salgada real e medio, e sendo fresca dezasete marabedís. Unha galiña dous reais, un carneiro once, un par de capóns cinco, e o mesmo un cabrito; un año catro, unha libra de la un real de billón, unha porca oito, un cuartillo de mel catro e outro tanto o de manteiga e dez un carro de palla triga; e que un milleiro de sardiña doce vale vinte reais de billón e un par de polos un real de billón, e responden.

15.^a- Á décimo quinta, que os décimos impostos sobre as terras desta vila e o seu termo son os décimos dos cereais que producen, e polo que toca aos décimos do mar, aínda que non se pagan en especie, cóbraos en marabedís esta vila segundo convenio moi antigo que se fixo no tempo da fundación da colexiata que hai nela, obrigándose a concorrer coas partes que constarán na pregunta seguinte, e suprimindo os décimos que antigamente percibía o cura parroquial que hoxe é Colexiata, e o cabido de Santiago. E outros décimos percíbeos o citado prior e cóngos da mesma colexiata co expresado cabido nos termos que constarán na pregunta seguinte. Tamén se paga o voto de Santiago Apóstolo, que é medio ferrado de centeo cada veciño que ten labranza, pero non se paga primicia nin oblata. E no que respecta ás demais pensións particulares, remítense ás relacións dos interesados, e responden.

16.^a- Á décimo sexta, que os décimos contidos na pregunta antecedente, aínda que da súa cantidade fixa non poden dar razón, estiman que uns anos con outros importarán os de terra dous mil seiscientos reais de billón; e, no que corresponde ao mar, cobra o citado prior e cóngos cen mil marabedís, que lle paga esta mencionada vila, que ademais paga por esta mesma razón á Mesa Capitular da Cidade de Santiago mil douscentos noventa e seis reais de billón. E o voto do Santo Apóstolo ascenderá a trinta ferrados de centeo cada ano, para o cal, e para maior verificación, remítense ás certificacións e relacións que nesta orde houber, e responden.

17.^a- Á décimo sétima, que de todo o que contén só hai muíños fariñeiros, de pedra negra, propios dos que irán sinalados e os seus consortes; que unicamente serven para o seu propio uso, chamados O Queimado e O Queimado de Arriba, ambos os dous de Ignacio Fernández; o de Cuvelo, de Ignacio dos Barreiros, veciño da freguesía de San Xoán de Serres, xu-



Peixes na igrexa de Sta. Ma. do Campo

risdicción de Corcuvián, e o de Naranjo, de Phelipe Fernández, veciño da mesma freguesía. Que os catro son de canle e moe cada un catro meses ao ano sobre o río Badaqueira, e a cada muíño regulan de utilidade cincuenta reais de billón, e responden.

18.^a- Á décimo oitava, que no termo desta vila non hai lugar destinado para a rapa, porque cada individuo o fai por si na súa casa, remitíndose como se remiten ás relacións presentadas e recoñecemento feito para o número de reses, e todo o de parzaría acostuma dar a metade da ganancia, menos o ovino que é a da rapa; e o cabrún e as eguas ao cuarto. Na cuxa intelixencia regulan de utilidade unha ovella pola la e a cría, tres reais de billón, dous pola cría e un pola la. Ao respecto do leite, non se emprega, por servir de alimento para a cría. A rapa dun carneiro, nun real de billón; a utilidade dunha cabra en seis, cinco pola cría e un polo leite; unha porca de cría cincuenta. Un boi once reais sendo propio, e o mesmo dado en parzaría, de por metade dono e posuidor. A unha vaca con cría vinte reais, e catro reais e dez marabedís por razón do leite, estes para o parceiro *in solidum*, e os vinte e catro para el e o dono; e a mesma utilidade por enteiro sendo propia; e a unha vaca sen cría oito reais. A unha egua trinta reais, independentemente de calquera continxencia, e responden.

19.^a- Á décimo novena, que non poden dicir a punto fixo cantos cortizos hai no termo desta vila, para cuxo número se remiten ás relacións e recoñecemento feito, pero regulan a utilidade de cada un en tres reais de billón, sendo propia, e o mesmo dadas en parzaría de por metade dono e posuidor, e responden.

20.^a- Á vixésima, que no termo desta vila hai bois, vacas, becerros, tenreiras, ovellas, carneiros, cabras, castróns, porcos, porcas de cría, e non outra cousa, aínda que non saben o número e pertenza de cada un, polo que se remiten ás relacións e ao recoñecemento feito; nin tampouco saben que fóra do termo ningún veciño teña rabaño nin eguada, e responden.

O clero e os bens temporais (II)

Mingucho Campos

O papa Francisco Bergoglio nunha das súas intervencións no sínodo de outubro de 2023: “É doloroso atopar nalgúns despachos parroquiais a “lista de prezos” dos servizos sacramentais ó xeito dun supermercado... De seguir así, a igrexa remata sendo unha empresa de servizos variados e convértese no supermercado da salvación, e os curas en meros empregados dunha multinacional”.

Xesús Bustamante, en *elDiario.es* (25/10/2023)



Igrexa parroquial de San Cosme de Outeiro

DOCUMENTO DO DERRADEIRO TERZO DO SÉCULO XV

Proseguindo coa análise das relacións socioeconómicas dos clérigos e xente do común durante os séculos XIV, XV e XVI pertencentes a diversos lugares de freguesías do arceprelado de Entíns, no concello do Outes, xa principiada en precedentes artigos publicados neste mesmo medio, tento ampliá-la cos novos apuntamentos achegados no presente artigo e, se proceder, nalgún máis. Propóño-me de primeiro determe na consideración do documento notarial datado en Noia a 23 de outubro de 1483 e pertencente ó fondo documental da Confraría dos Clérigos da Concepción de Santa María A Nova, arquivo parroquial de San Martiño, dando fe da permuta (“concambea”) que fai a Confraría das súas propiedades situadas nas freguesías de San Cosme de Outeiro, Santa María de Agros, San Xoán de Roo e San Xoán de Sabardes ó mercador de Noia Antón de Paz, percibindo en troco a cuarta parte das casas da rúa dos “Cavaliños”

e nove marabedís das rendas das casas sitas no arrabalde da citada vila. Actúa como notario público Gonçalvo García. Intervenien no devandito acto, por unha banda os clérigos-confrades reunidos en cabido na igrexa de San Martiño que decontino se relacionan: Vaasco Pérez (de San Xoán de Maçenda e vigairo da Confraría), Gonçalvo Vásquez (de San Pedro de Tállara), Afonso Fernádes (de San Xoán de Lousame), Juan Rodrigues (de Santa María de Nebra), Ferrant Vasquez (de San Xoán de Camboño), o de San Pedro de Baroña, Alverte Gonçalez do Pereiro, Gonçalvo Ferrandez de Mourelo (clérigo de Santa Cristina de Barro), Francisco Rodrigues (de Santa Mariña do Obre), Roi Gonçales (de Santa María de Argalo), Ferrant Salgado e Ferrant Vaasques de Lugo, Pero Gago (de San Pedro de Boa), Aluerte Gonçales (clérigo de San Cosme de Outeiro), Gonçalvo de Campo (de Santa Baia de Vilacova), Pero Ferrandes (de Santiago da Balsa), (...) Ferrandes (clérigo de San Martiño de Duio).

“(…) Por ende que fasemos por nos e por nosos subçesores outorgamos e conosco que damos e outorgamos [en con]canbeo e por rassón de concanbeo troque e promutaçon d’oje erste dito día en diante para todo e senpre jamays, a vos Antón de Paz mercador vezino da dita villa e a vosa moll[er] Ynés Gonçales... [e] as vosas voses e herdeyros, convén a saber todas herdades casas casares e chantados que dita confraría e nós os ditos vicario [e] clérigos en seu nome avemos e nos perteesçe aver e herdar enna fregesía de Sant Cosmad[e] do Outeiro [e] de Santa María dos Adros e ennas fiegesías de Sant Juan de Roo e de Sant Juan de Sabardes onde quer que ellas vaan a montes e a fontes, as quaes ditas herdades a dita confraría perteesçen por manda que lles dela fezo d[onn]a Leono[r] Gomes (...)”

Como testemuñas, intervenien no acto: o rexedor Ferrand Gomes, Vasco Ferrandes Matheu, Gonçalo de Paz e o clérigo de Sant Pedro d’Outes, Juan Marques, entre outros.

Cómpre salientar que o estado de conservación do pergameo pode inducir a erro e incluso impedi-la correcta descrición dos trazos distintivos dalgúns dos clérigos intervinientes. Por outra banda, cómpre tamén salientar que os topónimos da maioría das freguesías figuran transcritos conforme ós usos habituais na actualidade.

O SUSTENTO DOS ECLESIASTICOS

É este un asunto ou, se se prefire, un problema non exento de disenso e conflito, malia que a Igrexa Católica xoga un papel importante e ten un peso substantivo na sociedade actual e tamén foi así ó longo de tempos pretéritos, en particular, durante os séculos XIV, XV e XVI. Dende a consciencia de que falar da conduta dos eclesiásticos no aspecto económico na Idade Media resulta moi problemático pretendo poñer-lo foco no sustento dos clérigos partindo da situación actual.

Segundo o art. 16.3 da Constitución Española ningunha confesión relixiosa ten carácter estatal, é dicir, España é un país aconfesional por definición da lei máxima; dito doutro xeito, España é un Estado laico. Do mesmo xeito, a Constitución (art. 14) proclama: **“Os españois son iguais perante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”**. Resulta unha obviedade afirmar que no Estado español conviven outras confesións relixiosas, xunto coa católica, e que os españois que profesan esas confesións ou os que non profesan ningunha xamais poden ser marxinados nin discriminados. Emporiso o **Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre asuntos económicos**” (BOE 300, de 15 de decembro de 1979), con plena vixencia na actualidade, recoñece a exención total e permanente dos impostos reais ou de produto, sobre a renda e o patrimonio da Igrexa Católica. Amais no art. II.2 do devandito Acordo (denominado coloquialmente Concordato) estipúlase para esta confesión unha porcentaxe do rendemento sobre a renda e o patrimonio se o contribuínte manifesta expresamente na declaración a súa vontade sobre o destino da parte afectada. Nova de última hora: **“La Iglesia recauda la cifra record de 358 millones con la casilla del IRPF pese a que cada vez menos contribuyentes la apoyan”** (*Diario Público*, 14-12-2023). Xorde, por pura e simple lóxica, a seguinte pregunta: E as outras confesións relixiosas?

Comprenderá o lector que na situación que vivimos na actualidade, dentro dun Estado aconfesional e coas condutas eclesiásticas no ámbito económico (velaí a xustificación da referencia ó papa no inicio), este asunto, como aseveraba denantes, segue a ser motivo de discrepancia e controversia e non vai ser asunto menor cando escriba en concreto sobre o diñeiro e a práctica condutual dos clérigos na Idade Media en relación co seu sustento ou, nun sentido máis amplo, como se foron acomodando os eclesiásticos ós trocos económicos e o posicionamento da xerarquía eclesiástica galega no aspecto normativo así como ó respecto das sancións derivadas do seu incumprimento.


Porén para unha máis doada comprensión do que pretendo transmitir cómpre salientar que a organización clerical estaba composta polo clero secular e o clero regular. Ámbolos dous sectores gozaron dun protagonismo indiscutible naquela sociedade feudal. Coidaban da súa vida espiritual e estaban considerados como os intermediarios directos entre Deus e os homes, mais o que realmente concita o meu interese é a posible prelación do interese económico sobre o espiritual ou viceversa. A garantía do sustento dos eclesiásticos era consecuencia do perfecto

desenvolvemento do seu labor pastoral? Neste caso a parte material ocuparía un segundo plano e o que primaria sería a realización das actividades que comportaban a condición de eclesiástico. Pola contra, é dicir, se primase o interese lucrativo sobre o labor espiritual estaríase perante unha deturpación da función clerical. Ó respecto disto Bartolomé de Carranza propoñía a mediados do século XVI troca-los abusos medievais do **officium pro beneficio**, instaurando **beneficium pro officio**. Ou sexa, que para o teólogo e arcebispo Bartolomé de Carranza (1503-1576) viñan predominando desde facía séculos as razóns meramente materiais sobre as consideracións espirituais. Partindo pois desta conclusión tentarei chegar a unha aproximación sobre a conduta dos clérigos no que atinxe ós bens materiais en relación coas prácticas e valores nos que se debería sustenta-lo labor pastoral.

Consultando no dicionario da editorial Galaxia as acepcións do vocábulo **“primicia”** atópome coa seguinte: **“Doazón que se lle facía antigamente á Igrexa cos primeiros froitos dunha colleita”**. En *Digalego* defínese como o **“Dereito de recibi-los primeiros froitos da terra ou do gando que os fieis ofrecían a Deus na persoa dos ministros da Igrexa e que se mantivo ata 1837”**. Na segunda metade do século XX no adro de Entíns realizábanse poxas de pernís de porco no tempo da matanza, os solombos do animal percorrían o camiño que conducía á casa do crego e cada ano pagábase a oblata. Todo dereito leva con el unha obriga.



Capela de San Martiño de Rates



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

A banca sempre gaña

Kiko Vidal

A crise financeira iniciada no ano 2008 mudou de forma radical as relacións entre clientes e entidades financeiras. Antes da indicada data, a elevada competencia existente no sector facía máis doado decatarnos de se o trato que nos estaba dando o noso banco ou caixa era, ou non era, o adecuado, pois había moitas máis xestións comerciais dos empregados de banco e moitas máis portas nas que petar para preguntar. Pero hoxe hai menos da metade de oficinas e empregados bancarios que había entón, porcentaxe aínda inferior se falamos de número de bancos. Esta dramática rebaixa de actores polo lado da banca provocou unha



Peto. Fonte DIARIO DE NAVARRA

profunda caída do nivel competitivo; este feito, unido á escasa formación financeira da nosa poboación, estalle permitindo aos bancos, ou polo menos aos grandes bancos actuais, **RIRSE** (e escribo así en maiúsculas para que resalte) de moita da súa clientela. Ademais, a implementación de políticas monetarias restritivas por parte dos bancos centrais para tratar de frear a inflación galopante que vivimos dende a fin da pandemia da Covid, trouxo consigo un elevado incremento dos tipos de xuro, e este incremento permitiúlles aos grandes bancos españois **RIRSE AÍNDA MOITO MÁIS** da súa clientela, pois mentres que polo lado do activo (préstamos consumo, tarxetas, hipotecas etc.) repercutiron de inmediato a suba dos tipos de xuro, polo lado do pasivo (contas correntes, contas a prazo, etc.) non fixeron practicamente nada nestes dous últimos anos...

E isto do que estou a falar nada ten que ver co manido tema do “**RESCATE AOS BANCOS**”, algo que moito político demagogo segue a pregoar continuamente, mostrando un profundo descoñecemento da realidade. Quero lembraros que en España, en contra do que pasou nalgún outro país do noso contorno, non se rescataron bancos privados, rescatáronse as **CAIXAS DE AFORRO**, que eran entidades das que eran responsables últimos cargos políticos de todo tipo, tanto de dereitas como de esquerdas, aspecto que coido convén lembrar.

Voltando ao noso tema: que quero dicir cando apunto que o banco se está rindo do cliente?, pois simplemente que non lle está dando un trato coherente co que o mercado e a conxuntura económica consideran

razoable, é dicir, que me está aplicando un prezo excesivo polo servizo que me dá, ou non me está dando a debida remuneración polos cartos que lle teño depositados. Non podemos obviar nunca que os bancos son empresas privadas que, como tales, buscan maximizar o seu beneficio. Tampouco podemos pasar por alto que prestan un servizo sen o que nos sería casi imposible vivir, e que vimos duns anos en que os tipos de xuro negativos lles fixeron bastante dano aos bancos, pero aínda así temos que espelir e impedir que se sigan rindo de nós.

Un dos aspectos máis sangrentos é que a gran banca española, salvo excepcións moi contadas, non estea remunerando nada polos cartos que lle temos depositados. Isto tiña sentido cando o Euríbor era negativo, pero agora co Euríbor cerca do 4%, non pagar nada polos depósitos é unha actitude chulesca por parte da gran banca. Evidentemente, e como xa dixen, isto é posible pola escasa competencia actual no sector, e pola pouca cultura financeira na nosa poboación, pois desde hai uns anos, as entidades bancarias pequenas, que operan básica ou totalmentevía internet, si están remunerando o aforro tradicional (non falo de fondos nin produtos alternativos) con tipos de xuro que superan nalgúns casos o 4%. E ademais con trámites moi sinxelos e un servizo que, en moitos casos, nada ten que envexar ao que nos dan na nosa oficina bancaria habitual. Incluso se dá o paradoxo que eses mesmos bancos españois que aquí en España non pagan nada polos cartos noutros países de Europa ofrecen remuneraciónsmoi atractivas, o que me parece un insulto aos seus clientes nacionais.

Mirando as webs dos grandes bancos españois, case é imposible encontrar ofertas de produtos de aforro tradicional onde nos remuneren algo, e cando atopamos algo, ou ben o tipo de xuro é irrisorio (por exemplo BBVA publicita unha conta a prazo ao 0,40% de xuro, nada máis e nada menos que case 10 veces menos que o Euríbor actual) ou ben establecen importes máximos a remunerar (por exemplo 20 mil euros na conta online do Sabadell).

Cando consultas o que están ofertando para o aforro, case todos te levan a fondos de inversión, algo que, se ben pode resultar moi interesante, entraña un risco que en ocasións non queremos asumir.

Pero o máis sangrento é que se dan casos en que, a pesar de non


Mellores depósitos bancarios a 12 meses (1 ano)

Banco	País	TAE	Mínimo
Banca Sistema	Italia	4,30%	20.000€
Banca Progetto	Italia	4,20%	10.000€
Coop Pank	Estonia	3,60%	5.000€
Fjord Bank	Lituania	4,10%	1.000€
Younited	Francia	3,78%	2.000€
LHV	Estonia	4,15%	500€
Haitong	Portugal	4,10%	10.000€
Klarna	Suecia	4,16%	500€

Mellores depósitos a 12 meses de decembro de 2023. Fonte Finect.

remunerarnos nada os aforros, nos seguen cobrando comisións de mantemento, administración, por transferencias, por tarxetas, etc. Sigo sen entender como, pese a esa actuación, a gran banca española practicamente non rexistre fugas de clientes cara a outras entidades que ofertan a gratuidade para este tipo de servizos. Dende aquí quero dicirvos que, actualmente, existe un nivel de oferta no mercado que permite que practicamente calquera persoa física (no caso de persoas xurídicas é máis complicado e ten moitas máis limitacións) poida abrir unha conta corrente por internet que lle ofrezca gratuidade total en comisións e unha tarxeta coa que poder retirar cartos gratuitamente en certos caixeiros, facer pagos en comercios con ela, e por encima nos vai pagar por depositar alí os nosos aforros. É certo que moitas persoas maiores non queren saber nada de internet, pero tamén é certo que cun bo asesoramento de fillos ou netos penso que sería posible mudar esta situación en moitos dos casos. Desgraciadamente haberá casos en que non quede máis remedio que pasar polo aro, pero eses casos deberían ir reducíndose paulatinamente. A min resúltame indignante e escandaloso que sexamos o país de Europa onde aos bancos lles sexa máis barato captar diñeiro. Tamén é certo que cando abrimos unha conta nun banco por internet deberíamos ter en conta a súa solvencia, algo que nos vai escapar na maior parte, por non dicir na totalidade, dos casos, pois non contamos coa información nin cos instrumentos de análise para valorala. De todos os xeitos, é tranquilizador saber que, no momento actual, e en toda a Unidade Europea, os aforros tradicionais (contas correntes e depósitos a prazo principalmente) ata 100 mil euros por depositante están garantizados polo Fondo de Garantía de Depósitos, entidade xurídica controlada polo banco central do país correspondente, fondo que nos reembolsará nun prazo máximo de 10 días (7 a partir do 2024) os nosos cartos en caso de quebra da entidade financeira. Este fondo fai que ata os indicados 100 mil euros por depositante a solvencia individual de cada banco sexa un tema de menor importancia. Debemos ter presente que se a conta tivese 2 titulares o importe garantizado total xa se eleva a 200 mil euros, pois son 100 mil por depositante.

Por poñer un exemplo do que está pasando, supoñamos unha persoa que chamaremos Sr. García. O Sr. García leva sendo cliente de toda a vida dun banco dos chamados “grandes”, non ten nómina fixa, os seus ingresos ascenden a unha media de 1.500 euros mensuais, pero non son regulares (un mes gaña 6.000 pero outros tres, nada). Ten un saldo na conta de 50.000 euros polos que non lle pagan xuros ningún, cóbranlle 30 euros de mantemento cada tres meses e 15 de administración tamén trimestral, pola tarxeta de débito cóbranlle 20 euros ao ano e pola de crédito outros 40. Cada vez que quere facer unha transferencia cóbranlle de media 3 euros por cada unha e adoita facer 15 ao ano. En resumo, o banco prestoulle ao Sr. García un servizo, gardando o seu diñeiro e facilitándolle un sistema de pagos das súas obrigas e por iso cobroulle



Evolución da rendibilidade dos depósitos. Fonte lainformacion.com

Cuenta Ahorro Bienvenida	Openbank	5,12% (N) 1,76%	5.000 euros (N) 100.000 euros
Cuenta Vamos	Ibercaja	5,09% (N)	10.000 euros
Cuenta Nómina	Bankinter	5% (N)	10.000 euros
Cuenta MoneyGo	Yoigo	5%	5.000 euros
Cuenta Trade Republic	Trade Republic	4%	50.000 euros
Cuenta Inteligente Bienvenida	EVO Banco	2,85%	30.000 euros
Cuenta Contigo	Renault Bank	2,89%	Sen importe máximo
Cuenta Próxima	Targobank	2,53% (N)	30.000 euros
Cuenta Remunerada 360º	Cajamar	2,52% (N) 0,25% (N)	12.000 euros
Cuenta D	Freedom24	2,5%	Sen importe máximo
Cuenta MyInvestor	MyInvestor	2,5%	70.000 euros
Cuenta Remunerada	Scalable Capital	2,6% - 4%	100.000€ - 1.000.000€
Cuenta de Ahorro N26	N26	2,26%	Sen importe máximo
Cuenta Ahorro Self	Self Bank	2% 1%	60.000 euros
Cuenta Online Sabadell	Banco Sabadell	3% - 6%	20.000 euros
Cuenta Online SIN Remunerada	Unicaja Banco	2% (N) 1%	30.000 euros
Cuenta Online Clara	Abanca	2% + 300€ (N)	15.000€
Cuenta Remunerada Pibank	Pibank	2,02%	Sen importe máximo
Cuenta Corriente Digital	Bankinter	1,5%	Sen importe máximo
Cuenta Evolución	Banco Mediolanum	0% - 2%	10.000 euros
Cuenta Naranja	ING	1,5% (N) 1%	Sen importe máximo
Cuenta Corriente Digital	Bankinter	1,5%	Sen importe máximo
Cuenta Remunerada Ahorro	EBN Banco	3%	10.000€
Cuenta Online Sin Comisiones	BBVA	*iPhone SE3	Sen importe máximo

*(N) = requisito domiciliar a nómina

Mellores contas remuneradas. Fonte Finect.

285 euros. Non lle remunerou nada polos cartos depositados, pois aínda que lle ofertaron a opción de pagarlle algo, tamén tiña que facer un fondo de 10.000 euros e contratar un seguro para o paraugas que usa no verán (o seguro do paraugas de inverno xa o ten contratado), temas ambos nos que non estaba interesado.

Se o Sr. García se decidise a abrir conta nalgún neobanco dos que operan por internet tería a opción de desfrutar de todos eses servizos de forma gratuíta, e por encima poder chegar a obter uns 1.500 euros de xuros ao seu favor ao cabo do ano (isto supoñendo unha remuneración do 3%, que é susceptible de mellorar). O resumo é que o Sr. García lle está regalando ao seu banco un total de 1.785 euros cada ano, é dicir, un 120% do que gaña cada mes. Non debería ser así, pero hai millóns de Sres. García en España.

Cando ás veces falo deste tema cos coñecidos, sempre hai alguén que di que isto se solucionaba cunha banca pública. Eu son da opinión contraria, pois penso que os nosos aforros son un tema tan serio que non poden estar controlados por políticos (ou polo menos polos nosos actuais políticos), e á experiencia me remito. Isto, como tantas outras cousas, soamente se pode solventar cunha mellor formación económica.

Hórreos de San Cosme (I)

Xoán X. Mariño

Entre os anos 2000 e 2003, por iniciativa de Pilar Sampedro, entón directora do IES Poeta Añón, e co financiamento e axuda loxística do Concello, levouse a cabo un inventario da arquitectura popular de Outes que viña completa-la catalogación do patrimonio histórico-artístico que de 1996 a 1998 realizou quen isto subscribe por encargo do daquela alcalde Carlos L. Crespo. O motivo principal que nos impulsou a aborda-lo labor, de xeito inaprazable, era cuantificar e coñecer tódolos bens do noso patrimonio cultural que debían ser conservados a fin de preservalos para xeracións futuras. Outra das motivacións que impulsaron o labor de cataloga-la arquitectura popular de Outes era (e segue a ser) o seu crecente deterioro, debido fundamentalmente ao abandono do rural, ao que estas construcións están indisolublemente unidas. Xa a aquelas alturas do cambio de milenio no que deu comezo a súa catalogación, era evidente que a maioría dos muíños non só estaban fóra de uso, senón practicamente en ruínas; os hórreos eran poucos os que se seguían utilizando para a súa función orixinal e dos mixtos (aqueles que teñan as paredes de pedra e madeira) algúns non conservaban máis ca o esqueleto de cantaría (ver foto 1) e nunha gran parte foran substituídas as táboas de madeira por ladrillo e cemento; as fontes e lavadoiros, aínda que estaban libres da maleza, as sucesivas intervencións das autoridades municipais para o seu mantemento determinaron que poucos ficasen a salvo do asolagamento en formigón; os pombais atopábanse case todos sen tellado e invadidos pola vexetación; e, por último, os reloxos de sol, se ben se vían relativamente en bo estado de conservación, tamén estaban case todos incapacitados para marca-las horas por deterioro ou falta de gnomón ou por ser ilegibles os números que marcan as horas.

Catalogáronse 174 hórreos tradicionais na parroquia de San Cosme¹, dos cales 3 eran de pedra, 2 de madeira e os 169 restantes, mixtos, que se distribúen proporcionalmente entre as nove entidades de poboación de acordo cos habitantes que ten cada unha, salvo no caso de Lagoa, onde somentes hai 13 deles, a metade case dos que hai en Albeida, tendo esta última menos habitantes. Así, o lugar que posúe máis hórreos é Serantes (incluíndo As Camposas e O Barreiro), onde hai 48 hórreos, algo máis da cuarta parte do total, en consonancia coa cuarta parte da poboación de San Cosme que vive aquí. Séguelle Rates, con 27; Bara e Tavilo, ambas con 24; Albeida, con 20; Lagoa, como quedou expresado, con 13; e xa as entidades menores con números máis reducidos: Gulfián, A Canteiriña e A Barquiña, con 7, 6 e 5 respectivamente.

OS HÓRREOS DE PEDRA

O número de hórreos de pedra é bastante reducido, como sinalamos máis arriba, só 3, un número moi inferior aos que hai en Valadares (111) e San Orente (95), así como aos 70 do Freixo, os 50 de Outes, os 32 de Cando, os 17 de San Lourenzo, os 10 de Roo e aínda os 5 de Tarás, e só superior aos 2 de Entíns. Sorprende, relativamente, que tódolos construídos o fosen con elaborada cantaría en comparación coas parroquias do Freixo e San Pedro de Outes e Roo,

onde o son só pouco máis da metade, proporción aínda moito menor en San Lourenzo, onde os 2 que hai representan nada máis que o 11% do total dos de pedra, o mesmo que San Orente, onde os 8 existentes de cantaría supoñen pouco máis do 8% do total; número semellante ós de Valadares, cuxos 7 hórreos de perfecta cantaría son apenas o 6%. Unicamente Cando, cos seus 29 exemplares, se aproxima ao cen por cen de San Cosme.

Hórreos de cantaría

Hai 3 hórreos de pedra en San Cosme, como dixemos, todos eles de cantaría, espallados pola parroquia sen que haxa un só lugar que posúa máis de un: Gulfián, Serantes e Tavilo.

Dado que, ao contrario cós mixtos, carecen de columnas nas paredes que articulen os diferentes tramos, son os soportes os que serven para determinar se un hórreo é de un, dous ou máis tramos. E utilizando este criterio, entre eses tres hórreos temos un de dous tramos e dous de tres tramos.

Posto que a diversidade de tramos é escasa, a súa lonxitude é tamén pouco diversa. Miden entre 5,22 e 6,85 metros de longo, unha diferenza moi pequena, menos de metro e medio, comparado cos de Cando, onde a diferenza sobrepasa os 5 m, e sobre todo os de San Orente, onde esta chega a 6,5 m. Así mesmo son moi pouco diferentes as alturas: entre 3,3 e 3,5 metros²; só 20 cm, polo tanto, mentres que en Cando a distancia entre o máis pequeno e o máis alto é moito maior, case un metro, disparidade que aumenta moito máis en San Orente, onde acada o metro e medio. Polo que se refire á anchura, esta vai de 1,53 aos 1,7 m, ou sexa, menos de 20 cm, cando esa diferenza chega case aos dous metros en San Orente, claro que aquí, semellante diverxencia explícase pola presenza de corredor interior nos de maior anchura.



Foto 1.
Hórreo de Domigos Romero. Bara



Foto 2.
Hórreo de Andrés de Benedita. Tavilo

Os seus soportes son, en tódolos casos, pés oitavados, con tornarratos circulares de cara superior curvada, salvo o de Andrés de Benedita, en Tavilo, que os ten rectangulares nos extremos (ver foto 2).

As súas cámaras, de pedra totalmente labrada, presentan nas paredes costais fiadas xeralmente ben ordenadas de pedras de cantaría separadas por fendas de ventilación dispostas en varias columnas de 7 ou 8 rañuras cada unha, mentres que nos penais vai, na maior parte dos casos, unha porta en cada un e só nunha ocasión vai unha ringleira de sete rañuras en lugar de porta.

O teito, sempre a dúas augas, cóbrese con tella curva do país, ou plana. E decórase cun remate cruciforme sobre sinxelo pedestal no alto de cada pinche; non hai ningún caso de pináculos piramidais neste tipo de hórreos en San Cosme, que si aparecen moi frecuentemente nos tellados dos hórreos mixtos.

HÓRREOS DE MADEIRA

Aqueles que tiñan a súa cámara totalmente construída de madeira son aínda máis escasos, soamente dous e deles só un a conserva íntegra na actualidade. O que xa non as loce é o de Dolores de Manchela en Bara, do que apenas sobreviven pés e trabes da base. O único que conserva o seu estado orixinal está en Serantes (ver foto 3).

Ao contrario das outras parroquias, onde hai hórreos de madeira de dous e incluso tres tramos, en San Cosme son ambos dun único tramo, con medidas en torno aos 3,7 m de longo, 1,2 m de ancho e 3 m de alto³.

As cubertas son de tella e a dúas augas, como nos outros tipos, pero carecen de sobrepenas e remates.

HÓRREOS MIXTOS

Constitúen o grupo máis abundante na parroquia, con 169 exemplares, espallados por case todo o territorio de San Cosme, aínda que a maioría se concentra en cinco lugares: Serantes (46), Rates (27), Tavilo e Bara (23), Albeida (20) e os 30 restantes repártense entre: Lagoa (13), A Canteiriña e Gulfán (6 cada unha) e A Barquiña (5).

Corresponde o maior número aos de dous tramos, con 116 exemplares e séguelle, a moita distancia, o grupo dos de tres tramos, con 33. Menos numeroso é o dun só tramo, con 16 e aínda menos o de catro claros, con só catro exemplos, mentres que non hai ningún de cinco ou máis tramos, ao igual ca en Entíns, San Lourenzo, Tarás e Valadares.

Hórreos dun só tramo

Este grupo, aínda que pouco numeroso (antigamente había 16) é, no entanto, o maior de todos cantos hai en Outes deste tipo. A parroquia co número de hórreos dun tramo que máis se lle aproxima é Roo, con 9; no Freixo hai 8; 4 en Cando; 2 en San Pedro de Outes e un só en Entíns; mentres que en San Orente, Tarás e Valadares non hai ningún.

Os 15 que hoxe se conservan teñen un tamaño que varía entre os 2,66 e os 4,07 m de longo; entre 1,35 e 1,74 m de ancho e entre os 3 e os 3,65 m de alto. Deles, a maioría atópase en bo estado (ver foto 4), dous viron substituídas as madeiras orixinais, polo ladrillo ou cemento; un, en Rates, está moi arruinado; e o último, de Che de Portela, xa desaparecera por completo da segunda vez



Foto 3.
Hórreo das Carolas. Serantes



Foto 4.
Hórreo de Preciosa. Lagoa

que visitamos Serantes. Aquí mesmo está o grupo máis nutrido, onde fican 5 dos 6 que había hai 20 anos. En Tavilo encóntranse 3 e outros tantos en Lagoa; dous localízanse en Rates e un pódese ver na Barquiña e mais na Canteiriña.

A maioría (14) érguese sobre dous pares de pés oitavados, un faino sobre dúas cepas e outro sobre unha cepa e un par de pés. Este último, de Moncho do Pardillo, en Serantes, que é unha rareza, débese a que se trata da partición dun hórreo de maior tamaño. Na maior parte (en once casos) os tornarratos son rectangulares e adoitan ir unidos transversalmente para formar unha plataforma de acceso á porta situada nun ou os dous penais; en catro casos os tornarratos son redondos de cara superior curva; o último, o que é un hórreo partido, a cepa leva tornarratos rectangular e os pés moas redondas.

A cámara ten as súas paredes costais de madeira, salvo as trabes de pedra da base, con balaústres verticais reforzados por un listón horizontal a media altura que vai dunha parede penal a outra por cada costado; os seus penais son de cantaría, cun lixeiro estreitamento na parte inferior, e nun deles habitualmente ábrese unha porta; nalgúns ocasións (5), dispónse unha porta en cada penal. No caso do do Pardillo a porta vai nun costal e os penais son un de cantaría e o outro de cemento.

Os teitos tamén son a dúas augas, pero agora xa teñen sobrepenas de pedra, tella curva e adornos en forma de cruz ou de pico nos extremos.

¹ Os demais elementos da arquitectura popular inventariados (muíños, fontes, pombais e reloxos de sol) quedan para outras futuras publicacións.

² A altura mediuse en tódolos casos ata o vértice superior do pinche, excluindo, polo tanto, as sobrepenas do tellado e os remates.

³ Polo que se refire ao que conserva aínda a cámara. O outro non ten máis altura que a dos soportes que se manteñen en pé (escasamente un metro).

Entrevista a...

Dani Rama

Daniel Rama Outeiral naceu en Cando hai trinta e catro anos. Conserva fotos de neno con Michael Robinson, mais non lle gusta o fútbol. El preferiu ser actor: "Calei moitas bocas, fun ao caladiño sempre". É unha promesa das novas plataformas de distribución audiovisual: Netflix, Movistar, Rakuten e Amazon Prime. Nesta última vaise estreir a terceira temporada da serie que o está a consagrar: *Operación Marea Negra*. A súa outra paixón vai tamén sobre rodas. Se tivese que escoller deixaría o marisco, nunca os coches. Despois desta entrevista ía intercambiar un motor dun vehículo para outro.

Como foi a súa vida antes de ser actor?

Coches...

Como naceu esa afección?

Crieime no desguace de meu tío Ferreiro, desde pequeniño, desde os tres anos. Saía do colexio ou viña a fin de semana e ía para o desguace. E aos nove anos meu tío regaloume unha moto e un coche, un Renault 25, que falaba, o carallo do coche. Tiñamos un circuito na aldea alí en San Xusto, e así empezou. Xa levo moitos coches comprados.

Vostede tunéaos...

Eu aquí no garaxe da casa fixen dous coches de rally, desde cero. E non tiñan nin cables.

Competiu tamén en rally, non? No ano 2019.

Si, en Portugal, no Ralli Cam. O meu copiloto era Miguel Ángel Tomé Pedrosa, Michi, o fillo de Chenolo de Seilán. E este 2024 intentáremolo tamén.

Antes de ser coñecido pola actuación érao polo tema dos coches, non sabe? Como...

O tolo dos coches (risas).

Como o rapaz que tuneaba coches. Á parte de meter os complementos, as homologacións, como hai que facer para tunear?

Para rally xa tes que facer todo o que che meten na ficha que che dan eles, teñen un regulamento, e tes que seguir o que che indican nos anexos. E despois de "calle" homolégalo ou non, cando vas á ITV o que fixeches pólo de serie e despois vólvelo cambiar.

Tivo algún problema con estas cuestións ou algunha anécdota particular?

Buh, co dos coches tiven moitas. Mimadriña querida... Tiven setenta e catro coches, imaxina.

Setenta e catro!? E cantos ten agora mesmo?

Agora mesmo teño o Golf 4 e mais o Fiat Punto. Pero a ver se en breve traio outro Cupra verde. Nun mes comprei 5 Megane Coupé iguais. Fun por España comprando os Megane Coupé todos. Tiñaos aparcados na porta da casa. Está a foto no Facebook.

Tamén lle vin no Facebook basicamente...

A nena.

Si, Zeltia.

Con Z, eh! Teño aquí tatuada a súa cara.

Ela ten 9 anos. Vai tamén para artista?

A ver se a sacamos nun videoclip no que estou a colaborar agora mesmo. Desde produción preguntáronme se coñecía algunha zona bonita e estamos a gravar nesta casa, Ponte Nafonso, Argaceira, Ponte dos Arados, Feira dos Carros, Pazo do Tambre... Trouxen para aquí... E imos gravar unha escena con ela na praia. E mais un anuncio da TV agora a primeiros de ano. É que é preciosa.

De quen é o videoclip?

Dun rapeiro coñecido, Stakas.

Así que fai promoción de Cando e do seu entorno.

É que isto é o Paraíso. Fodérono coa ponte, pero vaia. Somos moitos chavales, somos todos unha familia, desde sempre.

Por que lle chaman Conguitos?

Iso foi aquí en Cando. Desde os tres anos chámanme así. No desmante enfronte da casa do defunto Marcial xogabamos alí e eu era o máis pequeno da panda. Xogando a policías e ladróns, tiráronme coa bicicleta nunha poza enorme de lama, e cando me erguín saín enlameado e de aí Conguitos.

Séntese querido pola xente aquí?

Si, por uns máis ca por outros pero si. E esta casa sempre ten xente. A min gústame ser así. Chámame un chaval que lle rompeu o coche e alá vou eu.

Que é para vostede esta casa?

Para min é todo. Se teño que marchar marchó temporalmente. Aquí é onde me sinto seguro.

É a bolsa dos conguitos.

É o paquete grande! (risas).

Xa non é mariñeiro actualmente?

Si, aínda teño os papeis...

Porque noutra entrevista lin que deixara o mar.

Este ano non fun porque... víase que ían ser dúas semanas de marisqueo pero o ano pasado estaba gravando Marea Negra 2 e ía mariscar igual, compaxinaba.

Como empezou no mar?

Empecei no 2012 ao cerco en Portosín con Ángel Güeto no Orión I, que despois comprou o Sempre Güeto e foi ao fondo na Coruña.

Ah, xa me acordo dese naufraxio. Entón é o mesmo patrón?

É, pero deixárao un par de anos antes, agora ten outro barco, o Anxo e Xiana. E estiven alí ata que tiveron a nena. Naceu ela, eu tiña cartos aforrados e decidín tomar un ano sabático, montando o coche de rally na casa. Desfrutei o primeiro ano de vida da nena, vendo todos os cambios. E foi cando deixei o mar. Aí polo 2015.

E sempre andaba ao cerco?

Si, embarcado ao cerco, á sardiña, ao xurelo, á xarda, ao sargo... E despois foi cando empecei nas campañas do marisco, de 2015 ao ano pasado. E sempre no taller, de mecánico.

Aquí na casa?

Non, non, eu traballei dous anos en ALRO, estas plataformas elevadoras que hai en Boiro. E traballei de mecánico nun taller en Cespón, a corentena paseina nun taller.

Entón por que cambiou de actividade?

O cambio polo que dixen, porque tiña a nena e de paso cumprín o gusto co rally, fixen o coche, a partir de dous que comprei: unha carrocería e un coche podre de rally e daí saíu... un bicho. E tamén deixei o mar porque tivemos na mesma semana, mal tempo, batemos contra unha batea, vía de auga, mal tempo ás cinco da mañá... e aos dous días quedamos encallados na praia de Muros. E a nena tiña tres ou catro días de vida, que eu non collera baixa de paternidade, e dixen: que va!, vou desfrutar da nena. Máis foi cando dalí a un pouco Pablo Baña estaba enrolado no Sin Querer II e foi o barco ao fondo na costa de Fisterra, e el porque estaba de baixa na casa, que aínda non apareceron hoxe un par deles.

E ten intención de continuar aínda mariscando?

Teño.

Non ve aínda moi claro o futuro laboral no mundo da actuación...

Ver véxoo claro, o que pasa é que hai moitos paróns. Eu antes era un simple figurante, mais avancei no sector por causa dunha escena que fixen aí sen ter vergoña ningunha...

Non visionei a serie completa. Só vin que sae en varias escenas no cárcere.

Na prisión saíu todo o tempo. Pois nas duchas saíu en pelotas, e por esas escenas adiantei moitos chanzos no rango. Entre setenta e un figurantes facían falta dous que se espisen e xa me levantei eu de primeiro.



Con Óscar Jaenada e outros compañeiros na rodaxe da serie.

A súa primeira aproximación á rodaxe cinematográfica xa foi como extra en *La mala educación*, de Pedro Almodóvar. En que escena sae?

De pasada, de peón, nada. Creo que é cando vai o defunto no Barreiros, que se ven uns rapaces.

E como o colleron?

Estabamos botándonos ao río desde a ponte, despois de adestrar en piragüismo. Eramos nenos. E berráronnos por facer ruído. E dalí a un pouco chamáronnos.

E despois en *Retornos*, de Luís Avilés.

Si, foi pouco tempo despois, estaba esperando por meu irmán diante do bar Suso, no coche, un 205 preparado, e báteme na xaneliña un, como se di, un "perrofrauta", e pídeme se podo baixar do vehículo. Pensei, "merda, a policía secreta", foi o que me veu á cabeza. Eu tiña daquela, con dezanove anos, un *piercing* na orella, outro no labio e outro na cella. E preguntárame se me poden sacar os pendentes e recortarme as patillas. E así foi como fixen de garda civil, ao principio da película de Avilés.

Luis Avilés fixo un documental sobre a mesma historia do narcosubmarino de Marea Negra.

Si.

Tiña dezaioito anos cando se rodou *Retornos*.

Si, foron ambas películas por aqueles anos.

Quero preguntarlle por que o elixiron para figurar como garda civil, sendo tan noviño. Saberá que foi moi cuestionada esa elección pola súa idade.

Ía ir Chema, o monitor do Maniotas, pero xurdiulle un imprevisto e tivo que marchar. Eu estaba alí e colléronme naquel intre.

Para garda civil non o vía.

Pois de garda civil vou volver facer agora.

Ah, pero agora é máis home. A min tampouco me parecera verosímil. Non é unha crítica a vostede nin ao seu traballo.

Xa, entendo.

E despois tardou aínda moito en volver ao sector audiovisual.

Daquela quedei apuntado nunha lista, doce anos despois chamáronme de Ficción Producciones para *Operación Marea Negra*.

Foi por mediación de Luís Avilés?

A verdade é que non o sei.

Comezou na temporada 2, non?

Si. Na 1 non estaba. E, como dixeran, solicitaron entre os extras un par de voluntarios para rodar unha escena espidos na ducha do cárcere. E nun grupo de mensaxería que tiñamos xa me puxeron algúns: "non dubidabamos que ías ser ti o primeiro" (risas).

Pero iso foi despois, ou non? Xa fixera algunha escena en *Marea Negra*...

Non, non! Nunca! Xa foi a primeira escena que gravei, nas duchas en pelotas. Rodouse hai dous anos na fábrica de armas da Coruña.

Entón iso supuxo un punto de inflexión.

Claro, a partir de aí xa me deron máis cancha. Até o punto que na temporada 3 dime Mamen, a directora, se me importa sacar a camiseta, para amosar as tatuaxes, e poñerme de gardacostas de Óscar Jaenada. Na 3ª temporada ata me poñen a claqueta na cara e empezan secuencias comigo.

Óscar Jaenada fai de colombiano?

De mexicano. Somos o clan galego, o mexicano e o colombiano. Eu na 2ª temporada fago de narco galego, e na 3ª fago de mexicano. Ao principio só saín como figurante, con moitos difuminados, mais agora xa vou tendo pequenas partes.

Entón ten diálogos na temporada 3?

Vou ter diálogos pero noutras series que estou gravando. A 3 xa foi gravada, estreárase en febreiro.

En que outras series o imos ver?

Na plataforma Netflix en *Clanes* e en *El Caso Asunta*, con Movistar Plus+ en *Rapa*...

Caramba. Que papeis interpreta?

En *Rapa* fago de malote, en *Clanes* estou na discoteca de gardacostas...

Todo papeis...

Si, mais en *El Caso Asunta*, de peregrino. Mandáronme tapar as tatuaxes todas, pasei moita calor.

As tatuaxes tamén lle abriron as portas á actuación.

Moito.

Mais xa hai moitos actores tatuados. Por que Vde.?

Será o carisma, o atrevemento...

Tamén na entrevista que lle fixeron en *La Voz de Galicia* falan da súa mirada enigmática. Dinlle iso no mundo do cine?

A verdade é que si.

É un rapaz moi guapo.

...

Cantas tatuaxes ten?

Setenta e oito.

Mimadriña! Tantas coma coches.

Non, setenta e catro coches. Vou facer catro tatuaxes máis esta semana. Agora mesmo non me ves ningunha, pola roupa, pero estou cheo delas.

Logo está nun bo momento, isto vai a máis.

Así é, agora mesmo xa estou negociando para que me xestionen as redes sociais, chamáronme para un par de anuncios... En xaneiro empezo o curso de Arte Dramática e Dobraxe de Videoxogos semipresencial na Coruña, na academia MasterD, durante dous anos.

Que outros papeis lle gustaría facer?

Xa me vale isto. A min dáme igual. E se non algún papel cómico. *La que se avecina* e *El pueblo* encántanme.

Ten logo vis cómica?

Si, ho. Arre carallo.

Que o sorprendeu máis das rodaxes?

O que bailan as cámaras. E como gastei uns tenis, nun mes de rodaxe, nos decorados de madeira e cartón pedra que recrean o cárcere. As escenas ródanse en naves distintas. Nunca se gravan as secuencias en orde cronolóxica. Sacábanme todos os días unha foto á mañá e outra á noite para que non houbese cambios.

Ten unha tatuaxe que pon "Sempre galaico" e na súa foto de perfil no Facebook tamén se alude ao amor pola terra.

E outra tatuaxe de Galicia Calidade, outra do carimbo de Tenreira Galega, e aínda máis. Quero cousas galegas sempre.

En xaneiro rodará outro videoclip e outra serie en febreiro para Amazon dos que non pode dicir máis, pero o seu outro proxecto é "estudar e saír para diante".

Veciños discretos de Outes (V)

Sobreiras de ribeira

Emilio del Río

Nestes últimos meses saltou á prensa escrita e ás redes sociais a sorprendente nova do roubo de cortiza dos sobreirais das beiras do río Arnego, no sistema fluvial Ulla-Deza, na provincia de Pontevedra. O conto, máis aló do anecdótico, do enfado e do espolio e calote aos propietarios, trouxe á actualidade a presenza destas fermosas quercíneas (comunmente asociadas ao bosque mediterráneo, coma as aciñeiras) en Galicia. No caso concreto do val do Arnego, a presenza de sobreiras forma masas boscosas case monoespecíficas e ten categoría de contorno protexido, polo cal a lei non permite cortalas, chapodalas, arrincalas nin ningún aproveitamento máis aló da extracción da cortiza, que pode facerse cada de 8 a 15 anos, e con habelencia suficiente para non danar as árbores.



Sobreira de porte monumental asombrando a capela de Santo Adrián no lugar da Poza, en Santo Ourense. Tendo en conta o seu diámetro e desenvolvemento, é posible que sexa coetánea ou mesmo anterior á construción da propia capela.

As sobreiras (*Quercus suber*) son árbores perennes que deitan a folla na primavera, cando agroman as seguintes follas. Adoitan vivir entre 150 e 250 anos, aínda que hai exemplares constatados de máis de cincocentos anos. Son curmáns dos carballos, que tamén son do xénero *Quercus*. Pois ben, as sobreiras son árbores relativamente comúns nas ribeiras de Outes, porén —como indica o título desta serie—, son veciños nosos

moi discretos. Vense exemplares maduros moi vizosos, e mesmo algún monumental, como o que dá sombra á capela de santo Adrián (figura 1), exemplares xuvenís, e mesmo pequenos gromos acabados de saíren da landra (figura 2) en toda a ribeira final dos ríos Tambre e dos seus tributarios o Tins e o Donas, e que gabea polas abas e montes destes vales até os 50 metros de cota aproximadamente. Atópanse habitualmente alternando con piñeiros, cos inevitables eucaliptos e con carballos ou —máis raramente— con cerquiños ou rebolos. Son especialmente numerosas na contorna da vella areeira da Ponte Nafonso e na estreita franxa costeira entre a estrada e a enseada de Langaño en Ribas de Mar / Espiñeiro. No caso do val do río Donas son comúns na aba sur, aínda que non de porte excesivo, agás algún exemplar de grande envergadura ao pé mesmo da ponte dos Arados e nalgún predio privado próximo. Estas sobreiras de ribeira dannos, coa súa teimuda presenza, un testemuño do que puido ser hai centos e centos de anos, en tempos dos castrexos, a franxa costeira da ría de Muros e Noia, estendendo cara ao norte a historicamente abundosa poboación de sobreiras do Ulla / Arousa. Naqueles tempos, previos á romanización, probablemente a maior parte da costa sur de Galicia e dos principais vales galegos estaban bordeados de sobreiras, sendo o bosque interior o reino do carballo e o cerquiño. De feito, son notables os exemplares de sobreira que aínda poden verse nas proximidades do castro de Baroña. Da presenza, aínda hoxe, de exemplares de sobreiras, temos abundosa representación, como comentamos en anteriores edicións desta sección, de fitotopónimos ou nomes de lugar de orixe botánica, como recolle Gonzalo Navaza na súa obra de referencia sobre a fitotoponimia



Pequeno exemplar de sobreira, apenas desenvolvido, que medra na cuneta da estrada asfaltada entre Espiñeiro e Ribas de Mar. A presenza destes pequenos exemplares dan conta da fertilidade, boa saúde e capacidade de rexeneración da poboación de sobreiras nas terras de Outes, se non fose polo acoso de especies foráneas invasoras, como a acacia negra, ou a propia man do home.

galega, con nomes espallados por toda Galicia: Sobreira, Sobreiras, Sobreiral, Sobral, Sobraliño, Sobredo, Sobrosa, Sobroso...

Como comentabamos, aínda que a sobreira se asocia comunmente co concepto de “bosque mediterráneo” (xunto coa aciñeira, zambuxeiro, cornicabra, lentiscos e outras especies de terras secas e extremas), debería ser considerada máis ben como o elemento principal do bosque atlántico termófilo e húmido da Europa meridional. De feito, son moi extensos, aínda hoxe en día, os sobreirais na costa e no altiplano portugueses, particularmente no sur do país, en moitos casos formando devesas, en que, ademais do aproveitamento da cortiza, se aproveita a landra para a ceba de porcos en gandaría extensiva no outono, e a leña para os fogares. Tamén é a árbore máis común en moitas das serras de Cádiz, dando nome, por exemplo, ao parque natural dos Alcornoques, na parte interior e máis chuviosa desta provincia andaluza, Almería, Marrocos, Tunisia, Francia e Italia. Probablemente o sobreiral maior do mundo non está en Europa, se non –precisamente– en Marrocos, o bosque de Mamora, preto de Rabat.

Das sobreiras –como se di dos porquiños– apróveitase todo na economía tradicional: a folla para mulime, as landras para a ceba porcina e, ademais, da leña, a propia cortiza, da cal os nosos veciños de Portugal son líderes mundiais en produción e procesado, dende a tradicional fabricación de rollas de cortizo para os viños, como illante na construción, material de marroquinaria, calzado etc. En Outes, en tempos históricos, e dada a importante presenza da construción naval e das carpintarías de ribeira,

probablemente puido ter un certo papel na fabricación de redes e outras artes de pesca pola súa excelente flotabilidade, en pezas separadas ou agrupadas, como podemos ver en moitos apeiros de marear tradicionais no Museo do Pobo Galego.

Que a poboación de sobreiras de Outes é vigorosa e resistente, a pesar do acoso humano e de especies invasoras perigosas pola súa intolerancia á diversidade como a acacia negra (desgraciadamente en expansión desaforada polas beiras do Tambre), dá fe a observación de exemplares de poucos meses, case coa landra de que naceron na base. Da renovación constante tamén nos fala a alternancia de exemplares de pequeno porte xuntos con xuvenís de varias décadas e exemplares maduros e, mesmo, monumentais e centenarios. Poñer en valor aquí esta nobre árbore, tan discreta coma sorprendente, sirva para concienciar do seu grandísimo valor biolóxico, da súa peculiaridade xeográfica, porque, probablemente (con algúns poucos exemplares espallados nas fragas do Eume), son as sobreiras máis setentrionais de toda a fachada peninsular ibérica, marcando o seu límite ao norte (figura 3). Probablemente por este carácter resistente e arraiano, fronteirizo, das sobreiras outenses, ás que habería que engadir algúns exemplares de porte esvelto e fermoso no tramo baixo do río Maior, en Esteiro, Muros, son dos poucos lugares onde poden verse sobreiras espellándose directamente na auga do mar (figura 4) e debería promoverse dende as institucións algún tipo de figura legal ou protección. E non só polo seu porte nobre, xenerosidade co medio natural, resistencia teimuda aferradas ao territorio, a pesar das adversidades e a presión, e pola súa autenticidade. Unha boa metáfora das nosas propias xentes.




Figura 3. Representación gráfica da extensión das sobreiras en que se comproba que Outes é o límite ao norte da presenza destas fermosas árbores. A súa notable presenza na metade da costa atlántica da Península Ibérica faríaa merecedora de ser a árbore protagonista do bosque atlántico termófilo e húmido do sur, aínda que tamén teña presenza nas costas do oeste da metade occidental do Mediterráneo (fonte da imaxe, Quercus suber - Wikipedia.)




Figura 4. Espectáculo natural excepcional de sobreiras sobre a auga doce / salgada do estero do río Tins na enseada de Langaño.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanelería
e Cantería**

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/



Os misteriosos homes dos pés mollados

Xoán Francisco García Suárez



Rampla do taller de Cacharulo (2007), no esteiro do río Bendimón.

Alá polo ano 2008 viu a luz un traballo deste servidor, publicado baixo o título de *A carpintería de ribeira e os estaleiros no Concello de Outes*, edición a cargo de Editorial Toxosoutos, dentro da súa colección Divulgación e Ensaio.

Na páxina 70 deste libro faise referencia ao Freixo como “a terra dos carpinteiros dos pés mollados”, evocadora expresión que non é da miña autoría, senón que a recollín dunha das moitas lecturas das que botei man para o citado libro.

Polo tanto, non fun eu o primeiro que empregou tal calificativo, xa alguén o fixera antes.

Resulta que foron varias as persoas que me preguntaron de onde quitara a expresión, ao que eu lles respondía que o mirara nunha das revistas que empregara.

Debo confesar que ninguén -iso si- me preguntou que significado tiña iso de “os pés mollados”, quizais porque a lóxica nos leva a pensar a todas e todos que os carpinteiros de ribeira do Freixo traballaban descalzos, ou ben porque moitos dos barcos se construían na area, ou na beira do mar, ou ben porque facendo un pouco de maxinería telúrica podemos entendelo como unha especie de simbiose entre carpinteiro de ribeira e mar, ou sexa, un mar do que abrollan marabillas, entre elas os carpinteiros dos estaleiros. O que temos todos e todas claro é que a denominación non vén de que traballasen descalzos e á chuvia, ou cando menos de xeito tan cotiá como para acuñar tal motivo nesta especie de “denominación de orixe”.

Mesmo, anos despois dese libro que falamos, concretamente en 2014, coñecín a Santiago Llovo, quen me pediu algunha referencia e algún dato, e que claro, tamén quería saber de onde pro-

cedía tal apelativo. Aínda que lle fixen referencia a unha revista, non fun quen naquel momento de concretarlllo, dada a desorde que tiña nos meus documentos e no arquivo. Sospeitaba si, dunha das revistas que aparecen na bibliografía, pero esquecera poñerlle referencia.

Ao ano seguinte, en 2015, Santi Llovo publica *O Freixo de Sabardes* co subtítulo *A terra dos carpinteiros dos pés mollados*, excelente traballo histórico sobre O Freixo e centrado no mundo da construción de barcos de madeira nesta localidade.

Xa vai, xa vai...!! Si. Xa sei que tanta leria non vos descobre quen é o autor desa misteriosa expresión.

Pois aí vai: se tedes o libro meu publicado en 2008, observaredes que na bibliografía empregada aparece entre ela a revista *O Apupo*, nº4, *Boletín Informativo da Federación Galega pola Cultura Marítima*, de marzo de 2003 no que aparece un artigo de **Alberto Barreiro Docampo (Warren)** baixo o título *Danza de Mareantes*, no cal fai referencia ao Freixo como a “terra dos carpinteiros de ribeira e dos estaleiros dos pés mollados”. Warren é un investigador, músico, profesor e actor nado en Moaña, e actualmente residente en Betanzos. Pois esta foi a primeira persoa que empregou a expresión. E o xusto é recoñecerllo, dada a popularización do termo e a marca “O Freixo”, e por extensión Outes.

En canto ao significado, cada un que quite as súas conclusións. Pois todo foi porque me apareceu un arquivo en PDF perdido por aí, e ao abrillo descubriuse o misterio dos homes dos pés mollados. Era a revista na que aparecía o artigo de Warren. E non foi porque me puxese a ordenar os meus documentos, foi case por casualidade.

As cruces, oración de pedra (I)

Ramón Blanco




Foto 1.
Cruceiro das Cruces. Detalle



Foto 2.
Cruceiro das Cruces logo da súa rotura

Neste número da revista, noutros anteriores e seguramente en vindeiros, coméntase o destino ornamental que foron adquirindo os hórreos, mesmo en forma de réplicas a pequena escala, presidindo até xardíns e prazas públicas. Tal foi a sorte dos cruceiros, dotados dun funcionalismo baleiro, non previsto nas cruces antigas no intre de seren erixidas. Noutroira non eran un elemento ornamental, senón devoto, homenaxe de fe e demanda da salvación eterna da alma. Mais os intereses da Igrexa, sempre en velado agónico conflito cos dos seus fregueses, foron desprazados polo pobo alén dos lindes da superstición. Deste xeito os cruceiros, metonimizados nas encrucilladas, están xa para sempre asociados á procesión da Santa Compañía. Alí rezábase para sacar unha ánima do purgatorio, tal vez a de quen pagou para levantar a obra. “Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagou e polo gran sentimento de quen o fixo”, sentenciou maxistralmente Castelao nunha das súas “Cousas”. Alí botábase un responso, de camiño ao cemiterio, coa caixa do defunto no pousadoiro... Mais a vida atopa sempre un carreiro entre os pés da morte e os cruceiros foron até hai uns anos punto de encontro da rapazada do lugar.

Destas xenuínas mostras da arte popular dos nosos canteiros por veces só fica algún dos restos: o pedestal, a vara, o capitel... Non son poucas as cruces desprazadas, descontextualizadas, se ben con loábel intención conservadora, nada que

ver co miserábel latrocinio (a poder ser con conxunto completo, ben tallado en ambas caras: Xesucristo e Virxe das Angustias). No sentido contrario, merece tamén loanza o labor das pequenas institucións (Concello, parroquia, asociacións veciñais e culturais...) que se afanan na conservación e restauración, ben por sentimento relixioso ben por amor ao patrimonio legado polas sabias mans devanceiras, haxa ou non un sentir identitario.

Foi así como a Asociación Veciñal Feira dos Carros de Cando, levou a cabo a restauración do cruceiro situado na encrucillada por onde se colle para a igrexa, no obvio lugar coñecido como As Cruces (en Cando tamén se lle chama de “Bocadroña” ou de María Pepa, por estar, respectivamente, na entrada da aldea -ou en Cando de Abaixo- e a carón desa casa, hoxe con novos propietarios), e con ese primeiro nome aparece catalogado no volume I (pp. 107, 108) dos imprescindíbeis traballos que Xoán Mariño dedicou ao patrimonio histórico-artístico do concello. Xa o inventariara tamén Xepe Torres en 1984, nunha edición do Colexio Público da Serra de Outes, da que o propio Mariño era coautor: *Breve estudio de cruceiros e esculturas de Ferreiro no municipio de Outes*. No entanto, como recolle Xoán Mariño, nos libros parroquiais, onde consta que foi construído en 1771, denomínase “Cruceiro do monte”. Na ficha correspondente ofrécense os detalles construtivos da obra, ilustrada con tres fotografías: nunha vese o anverso, correspondente á cara que leva a imaxe de Cristo crucificado; noutra, un detalle do anverso onde se distinguen claramente as faccións da escultura (Foto 1), e que ía ser de grande axuda como modelo cando se levou a cabo a restauración, da que falearei; e noutra, o reverso, coa representación da Dolorosa en actitude orante. Daquela, a finais dos noventa, o estado de conservación xa non era o idóneo: “a plataforma presenta algunhas roturas e fendas por varios lados. Ó Cristo fáltalle un pé e o varal está notablemente inclinado cara atrás”, conclúe Mariño. Un ano despois publicaba Luis Martín Ruiz a súa monumental catalogación, en catro pesados volumes, de cruceiros na provincia, quen consideraba que a conservación era “boa” (agora ben, a descrición é igual de esquifa nos outros casos, e seguramente prioriza o estado do conxunto escultórico). Tamén se completa esta ficha con tres fotografías en branco e negro: unha xeral do anverso e cadansúa en detalle das esculturas da cruz. Volve denominarse aquí (Vol. III, p. 1.443) co oficial Cruceiro das Cruces.

Anos despois a cruz apareceu guindada no chan, totalmente escachada. Os anacos recolléronse en baldes e gardáronse no Concello. Nun primeiro intre pensouse nun acto vandálico ou nun roubo frustrado, mais actualmente sostense que co transcorrer do tempo se foi abrindo unha fenda que provocou a ruptura da base da cruz, facéndoa caer desde a altura contra o asfalto.

Ollos vixiantes !!

Ben, unha vez máis rematado o ano, este artigo leva a sa intención de recordarnos a todos os cidadáns de ben que hai que ser máis conscientes de todo o relacionado co benestar común, pois moitas veces, como temos exposto nesta nosa/vosa revista, feitos un pouco reprochables, a efectos de actitudes pouco sociais, ás cales deberíamos (pois todos temos algunha que outra faltiña de actitude) intentar suavizarlles os efectos a nivel colectivo, xa que todos estamos a desfrutar dun Concello que desexa estar cada vez máis cerca do cidadán, ou polo menos é algo que se debulla nas distintas declaracións dos mandatarios locais, a eses efectos.

Dende estas liñas seguiremos facendo fincapé nas cousas ou accións por parte de particulares e así mesmo do Concello como institución que nos parezan dignas de mención, aínda que ás veces, ou máis ben na maioría delas, sexa para corrixir ou deixar constancia de actuacións que non nos parecen de todo correctas.

Sempre e cando xurda algo que nos merece loar ou, no seu defecto, criticar, aí estaremos para dar un parecer distinto e construtivo en todo momento. Non é a nosa actitude a de dar paus por dar, no sentido de reflectir distintos pareceres das distintas actuacións que poidan xurdir ao longo da lexislatura. Todo é criticable e discutible.

Sen máis estaremos á expectativa para reflectir tanto o bo como o non tan bo de todo o que pasa no noso concello. Ollo vixiante!!

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Pellets en Broña polo Nadal.
E a Xunta, por entón, nin media palabra.

ASÍ TAMPOUCO ...



Un pouco de por favor...!!

NIN DE COÑA ...



Parece Kosovo... non!... é a reitoral de Outes caendo...
mais ninguén terá a culpa....

“AS RECEITAS DE TÍA JU “

“CINNAMON ROLLS” ROLOS DE CANELA

Ingredientes:

- 300 ml de leite morno
- 8 g de lévedo seco
- 500 g de fariña
- unha pinga de sal
- un ovo
- 50 g de azucre
- 60 g de manteiga derretida
- aceite
- esencia de vainilla

Recheo:

- 45 g de manteiga derretida
- 150 g de azucre rubio
- canela optativa...

Cobertura:

- 40 g de manteiga
- 40 g de azucre glass,
- 90 g de queixo crema
- esencia de vainilla

Elaboración:

De primeiras, hidratámo-lo lévedo con leite morno, removéndoo cunha variña. Nunha cunca mesturámo-la fariña, o azucre e o sal. Deseguido, engadímoslle o leite co lévedo, a manteiga derretida, a esencia de vainilla xunto co ovo. Cando teñamos xa unha masa consistente, pasaremos a traballa-la masa da cunca a unha mesa golpeando a propia masa contra a base da mesa, aproximadamente 70 golpes. Acabaremos de amasar.

Deseguido, untamos unha cunca con aceite e deixámo-la masa tapada cun filme sobre 2 horas. Cando estea levedada, estirámola na mesa dándolle forma rectangular e con 2 cm de grosor.

Mesturámo-lo azucre rubio e a canela, que espallaremos sobre a masa que untamos de manteiga previamente. Facemos un cilindro coa masa e cortámolo en rolos.

Colocarémo-las rebandas nunha bandexa de forno untada con manteiga, cubriremos cun filme para que levede sobre aproximadamente 1, 1.30 h e, coa mesma, o forno prequente a 160°, enformamos sobre 30 minutos.

Cobertura:

Batémo-la manteiga en pomada e, cando sexa unha crema, engadímoslle o azucre glass. Sumámoslle o queixo crema, xunto a esencia de vainilla, resultando unha crema lista para unta-los rolos, unha vez postos a arrefriar.

Polo demais, un bo paseo e algo de exercicio farán que non perdámo-la perspectiva saudábel da vida.



Julia Seijo

UN DÍA Á VEZ

Xastre

A lembranza de tempos pasados... Hai amores e amores..., os que se viven, os vividos e os que se estrañan co paso do tempo... ese concepto relativo segundo che vaia ben ou mal, marcando o compás, coma un toque de martelo exaltando o propio espírito case decadente, unha especie a desaparecer entre bágoas e dramas esculpidos á perfección no subconsciente, coma se de mundos encontrados se tratase...

Todo suxire unha paz sosegada e gañada tras unha viaxe, coma un traxe apertado, incómodo, case morrendo esquecido por todos, unha tristura latente na memoria, preludio de días mellores e merecidos, ou non, toda unha revolución gañada a pulso, verso a verso, coa sensualidade precisa, ensaiada, necesitada, resultante coma un heroe romántico, popular, vivindo o momento, descubrindo a realidade, a teórica fermosura que un arela encontrar, a esencia mesma do vivir por e para alguén, que non sexa un mesmo, as formas tamén confan, son parte da evolución, da metamorfose na que estamos inmersos, do propio misterio...

Non se pode pretender pasar toda unha vida fuxindo dun mesmo, buscando ese interese sentimental, simbólico, constante cun toque mitolóxico, de namorado silencioso á espera dunha invasión inminente por parte do inimigo. Hai que simplificar... un día á vez... un día á vez!!



Feijóo

Mingucho Campos

Biografía dun farsante (non autorizada)

Manuel Monge González

Edicións Laiovento, 2023

301 páxinas

Moita tinta e moito diñeiro se teñen gastado en medios de comunicación de ámbito galego regados con fondos públicos dende a Xunta para gabar a cada canto as calidades políticas de Alberto Núñez Feijóo, tanto como conselleiro coma como presidente da Xunta. O poder social e político dos medios de comunicación permítenlle-la creación de estados de opinión e, xa que logo, a captación de vontades á hora de tomar decisións. Do poder que estes medios posúen son moi conscientes os gobernantes e de aí devén a súa teima por controlalos, por examinar a diario que o produto político-informativo fabricado cumpre as condicións que eles requiren para a súa transmisión. Quizabes as catro maiorías absolutas de Feijóo en Galiza teñan algo que ver co comentado.

Após estas disquisicións, cómpre centrarse na lectura recomendada. O libro é útil. Os/As lectores/as disporán de argumentos que lles posibilitarán a formación dun criterio ponderado sobre o quefacer político de Feijóo á fronte da Xunta e na angueira na cal anda metido. Aborda temas de actualidade: o desmantelamento do sistema sanitario, o desleixamento da lingua galega, o devalo dos servizos sociais, pensións, impostos, salarios etc. E, como consecuencia, cales poden se-las perspectivas que un posible goberno de Feijóo depararía a toda España. É ilustrativo porque propicia que o/a lector/a dispoña dunha información doada ateigada de recensións e achegas xornalísticas, de novas publicadas, que o converten ademais nun libro analítico. Esta biografía ten pouco de literatura e moito de consulta. Desexo que o seu contido posibíle un achegamento ó coñecemento real do político Feijóo.



Senlleiras

Rocío Otero

Antía Yáñez

Editorial Galaxia, 2018

353 páxinas

“Es lista; sabes pensar. Meu pai di que as mulleres que saben pensar son mala cousa. Entón é que teu pai non pensa moito.”

“Tiña que tecer pola noite, cando el estaba na taberna e o meniño durmía. Na taberna ou onde estivese, que pouco lle importaba. Despois de traballar no campo e andar cos animais, de cociñar, de lavar a louza e a roupa cando tocaba e de coidar do fillo, el descansaba e ela volta ao traballo.”

“Amor de verdade. Para sempre, Prométocho. Sempre é moito tempo.”

“Porque imos estar sempre xuntos. Sabes que non hai outro que te vaia querer tanto. É así. Eu só che digo as cousas para que as fagas ben, como teñen que ser, que nin a cea sabes cociñar. É polo teu ben, bebé. Todo o fago por ti. Todo o día pensando en ti e no inútil que es. Se non fose por min, non serías nada. Débesmo todo, non o esquezas”.



Non puiden deixar de compartir estes catro parágrafos; penso que resumen a esencia desta novela.

Unha *influencer* sobe unha foto ás redes sociais onde aparece unha man fantasma. Xusto unha semana máis tarde, a moza é atopada morta. Senlleiras é un libro que fala de mulleres, mulleres que tiveron que vivir as súas vidas supeditadas ás dos seus homes e, a través deste fío condutor, técese as historias

de Alda e Alana, que viviron en séculos distintos pero moi semellantes entre si.

É un libro necesario, apto para todos os públicos, reivindicativo, que te sacode. Escrito con ironía e claridade, atrápate dende principio a fin. Sen medias tintas. Violencia, autenticidade, rabia, tenrura e, sobre todo, realidade foi o que me fixo sentir o libro. E, como ben di a autora, hai mulleres senlleiras que merecen ser lembradas e nós, quen quedamos, debemos facelo.

“Senlleira... algo así como importante e inigualable... que merece ser lembrada.”

Insecto pai

Jorge Sacido Romero

Ó despertar, cos ollos aínda pechados, a Gregorio S. veulle á mente unha idea para o ensaio que estaba a escribir sobre Kafka. “Evita matar o pai”, pensou, “algo que solucionaría todo: a anguria, o desacougo, o fastío, e mesmo a pulsión de escribir”. Abriu os ollos mais non viu, coma decote, o teito iluminado pola luz que se coaba a través da persiana sempre mal pechada. Tiña diante súa unha estraña trama de fíos brancos entre os que se abrían diminutos cadradiños. Ó tentar apartala viu que en vez de brazo e man tiña unha vara peluda que remataba nun par de espiñas xigantes unidas pola base. Ó tornar a vista cara ó outro lado, a visión multiplicouse: apéndices paralelos percorrían o seu flanco dereito adheridos a un tronco que non era máis que unha amendoa cuarteada e brillante. Tentou berrar pero non podía producir son ningún. Desesperado, revolveuse inutilmente.

Na cociña, ó rematar o almorzo, a nai díxolle ó fillo:

–Semella que a teu pai se lle pegaron as sabas hoxe. Sube e espértao, que xa van sendo horas de se erguer.

O rapaz subiu as escaleiras en silencio. Ía concentrado na oportunidade de vingarse da indiferenza do pai polos seus logros, das ducias de críticas, dos centos de negativas e dos miles de mañás en que o espertaba cun seco e imperativo “arriba!”. Entornou a porta do cuarto e gritando “papá, arriba!” tirouse en prancha sobre o edredón amoreado no medio da cama. Ó non sentir nada debaixo, apartou a roupa con forza e viu que algo saía voando e caía no chan. Mirou e viu un bicho medio esmagado na alfombra ós pés da cama. Aínda movía as patas. Ergueuse dando un pincho e baixou á cociña.

–Papá non está na cama e hai un bicho no chan.

–Demo de home! –contestou a nai– Que andará a facer?

Saíron da cociña. A nai meteu a cabeza polo oco da escaleira e berrou:

–Gregorio, que estás a facer? Baixa a almorzar decontado!

Esperou. Volveu berrar, pero non houbo máis resposta que o silencio.

Nai e fillo subiron ó dormitorio. Na alfombra un escaravello arrastraba o seu corpo esmagado debuxando con líquido marrón e viscoso a palabra “fin”.



Subida ó miradoiro de San Lois

Xastre

O último sábado de xullo, demos paso a outro episodio, que nós denominamos “Camiños alternativos”, e desta vez repetimos o ascenso o miradoiro de San Lois.

A pesar da incerteza do tempo, recolléume o amigo Manu na casa arredor das 7 e media e, para daquela, aínda non estaba moi claro como ía resultar o día en canto ó tempo.

De primeiras achegámonos a Portosín, onde deixamos o coche e, tan pronto chegou o amigo Lolo, dirixímonos ata a lonxa de Testal como punto de inicio.

Sobre das 8 e cuarto dispuxemos o rumbo; aínda que neses primeiros pasos babuxaba un pouco, e por momentos parecía ir a peor, a medida que íamos chegando ó ramal que nos indicaba a subida, en Taramancos, xa non había restos de inestabilidade, acaso algo de brétema, sen máis.

Abordamos a ascensión con paso firme e decidido, pois a pendente íase inclinando cada vez máis, nada que non soubesemos, devorando pista a cada paso e, aínda que a hora e a climatoloxía non poñían moito da súa parte para poder desfrutar das vistas, por momentos clarexaba e regalábanos unas paisaxes moi fermosas.

Arredor das 11 xa estábamos no cume, onde paramos para picar algo e desfrutar da altitude, con banco incluído para sentar.

De seguido, comezamos a baixada, pero, neste caso, collemos dirección a Camboño, coa súa igrexa de San Xóan, onde paramos un instante, coa mesma enfilamos cara ó miradoiro da Gafa, tamén

con boas vistas, para así acabar caendo en Portosín, onde chegamos arredor das 12 e cuarto, hora na que a praia de Coira empezaba a encherse de xente, pois a mañá xa estaba despexada e prometía un bo día de verán. Nós os tres acabamos nunha terraza para degustar unas cervexas, pois xa había rumores delas unha hora antes...

Rematamos en Testal, onde Lolo tiña o coche, e coa mesma regresamos á casa, poñendo así un punto e seguido ás nosas camiñadas, unha vez máis. Nin que dicir... apertas sempre!!...



A sombra (e IV)

Manel Monteagudo

No reloxo soaron doce badaladas. Coa madrugada comezaba o novo ano. Os aldeáns fóronse retirando. Máis apesados polas lembranzas que pola incesante tempestade, cadaquén colleu as pezas que traía consigo e marchou a encerrarse na súa casa. O quincalleiro fixo un tímido aceno de irse mais o pousadeiro, imaxinando as precarias condicións polas que atravesaba, detívoo.

—Non podo ofrecervos un cuarto porque non o podedes pagar, mais un bo irlandés non abandona á súa sorte un semellante nunha noite tan adversa. Convidovos a que continuades ao pé do lume. Fica calor de sobra até o amencer. Mañá lucirá un sol espléndido e teredes esquecida, ao igual que a aldea enteira, a narración odiosa que vos confesei. Ás cinco entra o servizo; será o momento en que debedes partir.

Robin, agradecido, prometeulle ao pousadeiro que non o atoparía alí cando baixase pola mañá. Ao que este se retirou, fixo reiterados intentos de se acomodar sen conseguilo. Dispuxo o abrigo a modo de colchón na procura dunha posición cómoda que lle permitise descansar. Despois retomou a súa postura inicial na cadeira e cerrou os ollos. Tampouco así achou o seu espírito a paz. Habitado a durmir en alpendres xunto a cabalos ou nas cunetas dos camiños coa cúpula celeste como único teito, agora que dispuña dunhas condicións aceptábeis para repousar, a inquietude non llo permitía.

Ao principio atribuíu o insomnio aos efectos da augardente, demasiado forte para o seu estómago pouco habituado ao licor. Despois quixo pensar que o silencio que reinaba na taberna captaba en exceso a atención dos sentidos, levándoos a se manteren en garda. Ao fin comprendeu que a causa do desacougo a estaba producindo o conto de Murphy. Sumido nun estraño soño en que a realidade e a fantasía se entrecruzaban sen se distinguiren unha da outra, comezou a se sentir febril. Que había de verdadeiro e de falso na historia de Murphy? Sería posíbel que fose o posuidor dalgún tesouro ou obxecto valioso e inventase o fantasma para afastar os cobizosos? Como era posíbel que ningún tivese a afouteza de tentar comprobar os feitos?

Un lume produto do alcohol abrasáballo as entrañas, porén, a quentura da súa mente tiña orixe no apetito desenfreado por roubar o tesouro. Tampouco era alleo ao medo. Tratava de se infundir valor pensando que pouco dano ía facerlle unha sombra, caso de que existise. Aínda que cada vez que a imaxinaba no seu pensamento alborotado percorríao un calafío dende a caluga até os pés. Do que non tiña dúbida era do valor que contiña a caixa. Posibelmente non fose ouro, senón algo máis valioso. Un plano ou documento antigo de valor incalculábel. O cal era máis atraente aínda. Un fulano como el tería maiores dificultades en transformar en diñeiro as xoias que tesouros doutra natureza. A súa vida errática leváralo a tratar con tipos de ruín catadura nas diversas escalas sociais. Ao menos dous deles poderíanlle pagar o suficiente para poder emigrar ao estranxeiro e vivir con desafo go o resto dos seus días. Ficar no país era un risco demasiado alto. Coñeciano en moitos lugares e unha mudanza de vida radical ergería as sospeitas de inmediato. Si, tamén entre as súas amizades se contaban contrabandistas que en poucos días o trasladarían a un porto seguro. Lobos do mar con contas pendentes coa xustiza. Eses ante a vista de refulxentes moedas serían xordos e mudos. Con eses pensamentos morbosos transcorreu un tempo indeterminado. Cando calculou que debían de ficar un par de horas para que a pousada volvea a pórse en marcha, argallou un plan: ía roubar

o tesouro.

Abriu a porta non supuña problema ningún pois contaba cunha ganzúa. Tamén tiña localizada unha lanterna xorda que lle proporcionaría a luz necesaria para se non enganar. A parte que máis o inquietaba era a posibilidade de o pousadeiro ou a súa muller poderen espertar. Iso significaría a súa ruína. Por moi cautelosos que fosen os seus movementos, un ruxido da madeira, un simple tropezo ou calquera outra cousa imprevista, botaría todo de perda. Xa estaba, mataría o pousadeiro e a súa muller. Tiña un afiado puñal que non sería a primeira vez que penetraba nun corazón humano. Un casal de vellos a durmir era un traballo sinxelo. A tarefa desgustábao, mais unha voz repetíalle “imbécil, un esmoleiro coma ti non debería ter escrúpulos!”. Convencido de que non podía perder un minuto, porque cando se descubrise o crime debería estar xa moi lonxe de alí, incorporouse decidido. Agocharíase polo día e camiñaría sen folgo durante a noite. Non ían ser agochos os que lle faltarían para burlar a xustiza. Cando pensou que o tiña todo ben previsto, puxo mans á obra. Descalzouse para evitar rúidos innecesarios e subiu as escaleiras con rara habilidade. Os ronquidos que proviñan da terceira porta atraeron a súa atención. Con tremenda facilidade abriu a porta. Un son imperceptíbel turbou o silencio reinante. Na man esquerda brandía o puñal; achegouse á cama -escollera a pousadeira como primeira vítima- e, coa precisión dun cirurxián, afundiou o aceiro no peito da muller, espetándolle a folla enteira. O golpe foi igual de brutal que limpo. A infortunada non exhalou nin un suspiro, pasou do sono biolóxico ao eterno nunha fracción de segundo. Co marido non tivo a mesma sorte, ao se atopar máis afastado, o ángulo de incidencia da puñalada foi oblicuo e quebroulle unha costela. Rápido como o pensamento, asestou un interminábel número de puñaladas, até ficar convencido de que tampouco Murphy ía molestalo xa. Tivo o sangue frío de limpar a arma fregándoa contra as sabas e gardala dentro do abrigo. Cun fulgor sinistro irradiándolle dos ollos, encamiñouse na procura da caixa, deixando atrás dous vultos ensanguentados xacendo nas súas camas. Cunha tranquilidade inhumana, accedeu ao corredor que conducía aos cuartos. Para un home que viviu sempre á espreita, distinguir a porta maldita non presentaba inconveniente ningún. Mesmo de noite e coa luz tenue da lanterna xorda, de inmediato

a recoñeceu. A que tiña a fechadura máis poeirenta por falta de uso. A man firme e hercúlea que pouco antes asasinaba dous seres humanos, agora tremía incontrolada. Custoulle máis do agardado. Dicia para si mesmo que os nervios, por se ver tan perto de posuír unha fortuna, o estaban traizoando. Mais a realidade era outra. Sentía un espanto irracional. Estivo tentado de abandonar a tarefa e saír desa casa a fume de carozo até que as forzas o deixasen exhausto. Pingueiras de suor fría escorregábanlle pola testa cara ás meixelas. Esta vez a ganzúa non atopaba a forma de que cedese a fechadura. Alporizado, guindouna ao chan con raiba. A excitación era tan grande que tampouco coa punta do puñal logrou o seu obxectivo. Os segundos





parecíalle horas. Un criado que anticipase a xeira de traballo ou un viaxeiro imprevisto que petase á porta, había significar a forza para el. Preso da desesperación, decidiu empregar un obxecto contundente para derrubar a porta se fose necesario. Sen se preocupar xa do ruído, buscou por toda a pousada unha barra de ferro para facer panca e romper a porta. Por fin, despois de destruír a patadas a pousada, atopou detrás

da cociña uns cantos aveños de labranza. Apropiou-se da aixada, que parecía máis forte, e encamiñouse de novo cara ao cuarto maldito.

Enlouquecido de terror e cos azos que proporcionaba o instinto de conservación, descargou, unha tras outra, violentísimas pancadas sobre a fechadura até que saltou polos ares. Era consciente de que, se dedicaba un só segundo a meditar, lle faltaría o valor para atravesar a soleira. Dun empurrón afastou os restos da porta e accedeu ao interior.

Alí estaba, tenebrosa, sórdida, ameazante, a sombra do aforcado. Murphy describíraa á perfección. Se a visión en si era insoportábel para a alma máis audaz, o movemento oscilante á esquerda e á dereita da sogá, que exercía de macabro eixe, era pavoroso. A zorro polo chan, para non se cruzar co espazo físico que a sombra parecía ocupar, Robin acadou o punto crucial. Tamén o pousadeiro describiu con exactitude o lugar onde se atopaba a caixa. Nun derradeiro esforzo supremo afastou a viga de madeira e pegou na caixa coas mans. Era rectangular e medía por volta duns quince centímetros polo lado máis longo. Emporiso, un detalle fixo desconfiar ao asasino. Non se apreciaba de modo ningún unha tampa ou unha amosega por onde abrila. Tiña unha simetría perfecta e a cor uniforme. Como se se tratase dunha esfera, todo indicaba que a caixa estaba selada. Mesmo o material

de que estaba feita era irrecoñecíbel. Polo tacto parecía metálica, mais polo peso diríase que estaba composta dalgún tipo de cerámica. O quincalleiro, incrédulo do que tiña nas mans, virou de mil xeitos a caixa. Pasou os dedos polos vértices, apertou cada lado por se un resorte oculto erguía a tampa, sen conseguir outra cousa que anoxarse até un punto de case sofrer un ataque de apoplexia.

O tempo convertíase no inimigo de Robin. Un débil resplandor que se coaba pola única xanela anunciaba xa o amencer. A prudencia aconsellaba ao quincalleiro fuxir de alí e abrir a caixa en tendo a ocasión. Mais a excitación impediullo. Precisaba coñecer o contido da caixa ou perecer no intento. Fixo o xuramento a si mesmo de que se así fose, se as ilusións e as ansias de riqueza se tiñan que ver defraudadas, tiña que ser alí. Sen avanzar o máis mínimo no obxectivo, maldiciu con todo o odio do seu corazón aquela bruxa que levara a caixa e o sabichón que a atopara. E un son gutural, unha gargallada salvaxe, saíu da súa gorxa ao lembrar que ambos estaban facendo compañía ao díaño.

Dende a rúa íase ouvindo certo rumor de movemento. A aldea estaba despertando e, aínda que era festivo, os aldeáns tiñan por costume madrugar. Robin, preso da desesperación, estrelou furiosamente a caixa contra o chan. Golpeouna con todo o que atopou ao seu redor, mais nin unha raia marcaba aquela materia impenetrábel. Exhausto, sentouse no chan, derrotado. Ollou a sombra e por primeira vez non lle provocou medo. En breve o seu corpo colgaría igual ca ela nun patíbulo.

Na furiosa pelexa que mantivo para abrir a caixa sufrera múltiples feridas, das que abrollaba sangue a cachón. Algunhas pingueiras dese sangue caeron sobre a caixa e xeraron un improvisado charco. Robin ouviu un lixeiro “clic” que chamou a súa atención. Con consternación e abraio viu como se erguía a parte da caixa sobre a que caera o sangue. O malfadado Robin tivo a enorme fortuna de morrer fulminado unha milésima de segundo despois de ver o que emerxía da caixa. O pobre díaño, na súa cobiza, abriera a Caixa de Pandora. Xusto o primeiro día do século XX.



A dieta atlántica de Añón (I)

Ramón Blanco

Presentabamos o pasado 17 de decembro en Santo Ourente o libro de Xoán Mariño dedicado aos hórreos desa freguesía. No prazo dun ano a asociación Terra de Outes pon así en circulación dous tomos divulgativos sobre os hórreos do concello (o primeiro ocupábase dos de Cando). Ditas publicacións, que terán continuidade coas outras parroquias, son os respectivos ramos da XIII e da XIV Muñada, nome dado ás xornadas anuais de divulgación e recoñecemento do noso patrimonio histórico-artístico, nomeadamente o popular. E chámanse así non só por xurdir en arredor do proxecto de restauración do Muíño Grabel que levamos a cabo hai xa uns anos, senón tamén como homenaxe ao tesouro cultural que xirou canda o rodicio, do que dá boa fe o folclore galego. Non por arruinados deixan de señorear as beiras dos ríos, mormente o Tins e o Donas, os nosos muíños hidráulicos, onde se moía o gran, principalmente millo, de cuxa fariña se obtiña o pan. Era este o alimento básico na dieta campesiña até o século XX, e foino, no caso do pan de millo, a partir do XVII, cando o novo cereal americano comezou a implantarse, e sobre todo no XVIII, cando eclosiona a paisaxe pétrea do hórreo e da igrexa barroca, o primeiro imitando nalgo a segunda no aspecto arquitectónico, ambas construcións parellas en intención de grandeza, elevación espiritual e templo custodio: a espiga dourada e o retablo dourado, o altar e o banzo.

No noso concello aínda se mantén nalgures, sequera para autoabastecemento familiar, o cultivo tradicional da pataca e do millo (tras desbancaren noutro a castaña -baloca- e o xenuíno millo -o miúdo-). Campaba tamén noutro o trigo do país. Non dá para recuperalo como é debido a resistente artesanía dos sancosmeiros, trenzados por mans sabias, tamén en Santo Ourente. Hogano, de haber algunha explotación gandeira nos lugares, proliferan os terreos dedicados á forraxe. A paisaxe agraria foise modificando mentres a concentración parcelaria e a mecanización (tractores) chegaban xa nun intre de claro retroceso da actividade agrícola, diversificada tamén en novos cultivos (kiwi) e novas técnicas (invernadoiros).

Os mundos logo cambian mais permanecen certos costumes, certos gustos. Cando na casa familiar compartimos unha empanada de millo elaborada por nosa nai (a da foto fixoa ela) adoita relatarnos como na súa infancia, se cadraban cocer unha de millo e outra de trigo, reservábase esta última para segundo prato, en parte por premio delicioso e en parte por reservar o manxar máis prezado para non deixar sen comer o daquela considerado, por tan cotián, de menor mérito. Hoxe é ao revés, aristocratizouse a empanada de millo e estendeuse a fama da feita na nosa ría. Porén, dicimos que permanecen certos gustos porque atopamos nun poema de Añón ben antigo (1841) a mesma preferencia polos derivados da fariña de trigo antes ca polos da de millo. Como é un epigrama, polo tanto breve (*"Sese ostendat Apem, si vult Epigramma placere: / Insit ei brevitatis, mel, et acumen Apis"*; compuxo este *"Epigrammatis dotes"* Juan de Iriarte no s. XVIII, e traduciu así el mesmo: *"A la abeja semejante, / para que cause placer, / el epigrama ha de ser / pequeño, dulce y punzante"*), ofrecemos aquí o texto completo, segundo a versión fixada por Fernando Bel Ortega en *Vida e obra de Francisco Añón* (1991, pp. 344-345), reproducida á súa vez do periódico *El Idólatra de Galicia* (nº 5, Santiago, 30-X-1841):

EPÍGRAMA del Album de D. José M. Posada

Un militar se alojó
En casa del cura Ortíz:
Con el párroco cenó,
Que en la mesa presentó
Pan de trigo y de maíz.
Como el soldado comía
Del de trigo, dijo el cura:
—"¡Que brona! por vida mía,
¡Vaya! parece ambrosía!
Pruébela vd. ¡que dulzura!"
Gracias, respondió con nervio,
Por tan urbano interés;
Mas, como dice el proverbio,
Dios aborrece al soberbio:
Pan de trigo bueno es.

Francisco Añón,
Socio constituyente de la Academia
Literaria de Santiago

Tradicionalmente toda cultura tivo como base gastronómica un cereal, ben fose no Crecente Fértil ben na América precolombina. Dunha longa confluencia histórica veñen o cultivo e mais o culto do pan. Con este alimento, de fariña milla ou triga, e con outros derivados como a boroa ou a empanada, encetamos unha nova serie que dedicaremos ás referencias á comida nos textos do Poeta Añón, aos ingredientes que son en esencia propios da "dieta atlántica", como veu chamándose nos últimos anos. Virán outros manxares, mais será no seguinte prato.

